

PROTOCOLO PROBAS XUÑO 2022



A N T E S D E V I R Á E S C O L A

Prepara o seguinte material:



- **Recomendado:**

Máscara que tape a boca e o nariz.

Botella de auga para unha correcta hidratación.

Frasco de xel hidroalcólico.


- **Obrigatorio:**

Bolígrafo (azul ou negro).

- DNI ou pasaporte.

- Evita traer mochilas, apuntamentos, bolsos, etc.

A C C E S O S E D E S P R A Z A M E N T O S



- Consulta o [plano](#) da Escola antes da proba e localiza a aula.

- Accede e sae pola porta principal circulando pola dereita. As escaleiras de subida e baixada están sinalizadas.

- Accede aos espazos de maneira organizada e individual mantendo a distancia de seguridade.

- O uso do ascensor será individual.

P E R M A N E N C I A N O C E N T R O



- Evita os agrupamentos de persoas.

- Respecta os puntos de acceso ás aulas e o aforo dos espazos, evitando aglomeracións.

- Tenta non manipular as persianas, fiestras, etc.

P R O B A S E S C R I T A S E O R A I S

- Consulta na sección [web](#) do departamento correspondente a aula adxudicada á **proba escrita** e agarda fóra da Escola ata os 15 min. previos. Cando accedas ao centro diríxete directamente á aula evitando permanecer nos corredores.

- No caso da **proba oral**, acude ao Salón de Actos na quenda que che corresponde NON antes dos 15 min previos e fica sentado/a ata que se realice o chamamento e che asignen un aula.

- A proba oral realizarase en parellas e o alumnado sentará en paralelo.

- Ocupa a cadeira e o pupitre que indique o profesorado administrador e evita cambiar a ubicación do mobiliario.

- Poderás hixienizar o seu pupitre e a túa cadeira co spray e os panos desbotables dispoñibles na aula.

- A documentación estará á túa disposición enriba da mesa.

- Deixa o teu DNI ou pasaporte visible no pupitre para a comprobación da túa identidade.

- Dalle a volta ao exame cando cho indique o profesor/a.

- En prol dunha correcta ventilación as fiestras permanecerán abertas o maior tempo posible.

- Sae da aula cando o autorice o/a profesor/a, de maneira ordenada unha vez rematada a proba.